

John Updike

Corre, Coello



Os movementos de graza, a dureza de corazón;  
as circunstancias exteriores.

PASCAL, Pensée 507



Uns rapaces xogan ao baloncesto arredor dun poste do teléfono ao que lle aparafusaron un tableiro. Pernas, berros. Os Keds<sup>1</sup> raspando o chan e estalando nos seixos soltos da canella parecen catapultar as súas voces ao aire húmido de marzo, azul por riba dos cables. Coello Angstrom sobe pola canella vestido con traxe e detense a mirar, malia ter vinte e seis anos e medir un metro noventa. Con esa altura parece un coello inverosímil, pero a anchura do rostro pálido, a claridade dos iris azuis e un tremor nervioso baixo o breve nariz cando leva un cigarro á boca explican en parte o alcume, que lle puxeron cando tamén el era un rapaz. Queda alí pensando, seguen chegando rapaces, seguen asediando a un.

Alí parado fai que os rapaces reais se sintan desconcertados. Miradas de esguello. Eles xogan para divertirse, non como espectáculo para un adulto que deambula pola cidade cun traxe cruzado de cor cacao. Fáiselles raro xa o propio feito de que un adulto se meta pola canella. Onde ten o coche? O cigarro fai a situación aínda máis sinistra. Será un deses que ofrecen tabaco ou diñeiro por acompañalos ata detrás da fábrica de xeo? Oíron falar de tales cousas, pero non teñen medo; son seis contra un.

A pelota, tras rebotar na base do aro, voa sobre as cabezas dos seis rapaces e aterra aos pés do adulto, que a colle ao primeiro rebote curto cunha rapidez que os sobresalta. Mentres o fitan mudos, el apunta entornando os ollos a través das nubes azuis de fume de tabaco, a silueta subitamente escura, coma unha cheminea contra o ceo na tarde primaveral, afirma os pés con coidado, menea nerviosamente a pelota diante do peito, unha man pálida estendida enriba dela e a outra debaixo, axitándoa con paciencia para acadar un equilibrio no propio aire. Ten as

---

1 É unha marca estadounidense de calzado, coñecida polas súas zapatillas deportivas de lona con sola de goma. (As notas son do tradutor.)

lúas das cutículas grandes. Entón parece que a pelota lle sobe pola lapela dereita da chaqueta e lle sae polo ombreiro mentres dobra os xeonllos, e semella que o tiro vai fallar, porque, aínda que lanzou a pelota en ángulo, esta non vai cara ao taboleiro. Pero non apuntara alí. A pelota cae no círculo do aro e azouta a rede cun murmurio feminino.

—Ala! —berra con orgullo.

—Potra —di un dos nenos.

—Habilidade —responde el, e pregunta—: Podo xogar?

Non hai resposta, só un intercambio de miradas parvas e perplexas. Coello quita a chaqueta, dóbraa pulcramente e púsa-a na tapa limpa dun caldeiro de lixo. Tras el os pantalóns de peto volven poñerse en movemento. Métese na rapañota dos rapaces para facerse coa pelota, faina voar dun par de mans infantís débiles e de cotelos cotrosos e queda con ela. Esa antiga sensación do coiro inchado fai que lle tense todo o corpo, dálles ás aos seus brazos. Sente coma se volvese atrás nos anos para tocar esa tensión. Os brazos álzanse sós e a pelota de goma voa cara á cesta dende o alto da súa cabeza. Parécelle tan perfecto que, cando a pelota non chega, queda pestanexando e durante un segundo pregúntase se pasaría polo aro sen mover a rede.

—Eh, con quen vou? —dilles.

Tras unha redistribución sen palabras mandan dous rapaces para que xoguen con el.

Enfrontaranse aos outros catro. Aínda que dende o principio Coello se pon en desvantaxe, quedando a tres metros da cesta, segue habendo un desequilibrio. Ninguén se molesta en levar a conta dos puntos. O arisco silencio incomódao. Os nenos bérranse monosílabos os uns aos outros, pero a el non se atreven a dicirlle unha palabra.

Conforme avanza o partido sénteos nas pernas, acalórándose e anoxándose, tentando facerlle a cambadela, pero seguen contendo as linguas. El non desexa ese respecto, desexa dicirlles que converterse en adulto non ten nada de especial, que non cómpre facer nada.

Ao cabo de dez minutos un dos rapaces marcha para o outro equipo, de modo que quedan Coello Angstrom e un rapaz contra cinco. Este rapaz, aínda pequeno pero xa esquivo coa súa longueirucha desenvoltura, é o mellor dos seis; leva un gorro de punto cun pompón verde calado ata as orellas e á altura das cellas, que lle dá á súa cabeza un aspecto de cretino.

É un xogador nato. Só hai que ver o xeito que ten de moverse lateralmente sen dar ningún paso, coma se esvarase. O xeito que ten de agardar antes de facer un movemento. Cunha pouca sorte, no instituto xa será un atleta de primeira; Coello sabe como vai iso. Vas subindo chanciños ata que chegas ao cumo e todo o mundo te aclama; coas cellas cheas de suor non ves moi ben, e o ruído arremuíñase ao teu arredor e elévate, e entón quedas fóra, ao principio non te esquecen, só quedas fóra, e sénteste ben, tranquilo e libre. Quedas fóra, e é coma se te disolveses, e segues elevándote ata que, para estes nenos, te convertes nun anaco máis do ceo dos adultos que aboia por riba deles na cidade, un anaco que por algunha estraña razón se nubrou e os foi visitar. Non é que o esquecesen: aínda peor, nunca oíron falar del. Porén, no seu momento Coello foi famoso en todo o condado; en terceiro estableceu un récord de puntuación na segunda liga de baloncesto que superou en cuarto, e que ninguén bateu ata catro anos despois, é dicir, había catro anos.

Encesta cunha man, con dúas mans, dende abaixo, cos pés firmes no chan, e pivotando, saltando e lanzando. Lisa e suave, a pelota elévase. Exáltao que as súas mans conserven o seu toque. Séntese liberado dunha longa melancolía. Pero ten un corpo pesado, e acaba arfando. Amólaio quedar sen folgos. Cando os cinco rapaces do outro equipo empezan a rosmar e a moverse con preguiza, e un rapaz que tira ao chan sen querer se levanta con cara borrosa e marcha, Coello apresúrase a deixalo.

—De acordo —di—. O vello vaise. Tres hurras!

Para o rapaz que ten ao lado, o do pompón, engade:

—Ata logo, campión.

Sente gratitude cara a ese rapaz, que segue mirándoo con desinteresada admiración cando os demais se volveron ariscos. Os xogadores natos recoñécense. É algo que se sente.

Coello recolle a súa chaqueta dobrada e lévaa nunha man, coma unha carta, mentres corre. Pola canella arriba. Deixa atrás a fábrica de xeo abandonada coas súas vigas de madeira podre e o soportal de carga caído. Caldeiros de lixo, portas de garaxes, valos de malla das galiñas que encerran intrincados talos de flores mortas. É o mes de marzo. O amor alixeira o ambiente. As cousas renacen; Coello nota no aire, baixo o resaibo acre do tabaco, o sabor da nova oportunidade, saca o paquete de tabaco do peto da camisa bambeante e, sen interromper o paso, lánzao a un caldeiro do lixo que alguén ten aberto. O beizo superior elévase e déixalle os dentes ao descuberto, nun xesto de satisfacción. Os seus grandes zapatos de ante calcan a grava da canella cunhas pisadas xordas que a fan saltar.

Corre. Ao final deste bloque dobra a esquina e sae a unha rúa, Wilbur Street, en Mount Judge, suburbio da cidade de Brewer, a quinta máis grande de Pensilvania. Corre costa arriba. Pasa por un bloque de casas grandes, pequenas fortalezas de cemento e ladrillo con portais de cristal de cores biselado e xanelas con testos de plantas; e logo ata a metade doutro bloque, composto por unha urbanización levantada nos anos trinta. As casas de madeira ascenden pola costa coma unha única escaleira. O espazo dun par de metros que cada casa se eleva por riba da veciña contén dúas lánguidas xanelas, moi espazadas, coma os ollos dun animal, e está cuberto cun mosaico de tellas cuxa cor varía entre a dun negrón e a do esterco. As fachadas son de cotrentas táboas, noutrora brancas. Hai unha dúcia de casas de dous andares, cada unha con dúas portas. A sétima porta é a del. Os chanzos de madeira que levan a ela están gastados; debaixo hai un cubículo co chan de terra onde colle mofo un xoguete perdido. Un pallaso de plástico. Viuno aí todo o inverno, pero sempre pensou que algún neno volvería para buscalo.



Coello detense no vestíbulo ao que non chega o sol, arfando. No teito brilla unha bombilla poeirenta. Tres caixas do correo metálicas colgan baleiras por riba dun radiador marrón. A porta do veciño de abaixo, ao outro lado do vestíbulo, está pechada, coma unha cara dorida. Hai ese cheiro que sempre é o mesmo pero que nunca dá identificado; unhas veces parece col fervida, outras o alento enferruxado da caldeira e outras o de algo brando que podrece nas paredes. Sobe as escaleiras ata a súa vivenda, no último andar.

A porta está pechada con chave. Ao meter a chaviña na fechadura trémelle a man, palpitante polo esforzo desacostumado, e o metal renxe. Pero cando abre a porta ve a súa esposa sentada nunha butaca cun old-fashioned<sup>2</sup>, mirando a televisión co volume baixo.

—Estás aquí —di el—. Por que pechaches con chave?

Ela mira vagamente na súa dirección cuns ollos escuros avermellados pola longa contemplación da pantalla.

—Pechouse soa.

—Pechouse soa —repite el, pero inclínase de todos os xeitos para bicarlle a fronte brillante.

É unha muller miúda, de pel que tende á cor olivácea e que parece tensa, coma se algo se inflase no seu interior e premese contra a súa pequenez. El ten a sensación de que apenas a véspera deixou de ser guapa. Co engadido de dúas curtas engurras nas comisuras da boca, esta fíxose agora ávida; rareoulle o pelo, de modo que el non deixa de pensar no cranio que hai debaixo. Estes minúsculos progresos cara á vellez ocorreron de xeito imperceptible, e por iso parece posible que mañá desaparezan e ela volva ser a súa rapaza. Proba a chancelar con ela.

—De que tes medo? Quen cres que vai entrar por esa porta?  
Errol Flynn?

A muller non responde. El desdobra con coidado a chaqueta, lévaa ao armario e saca unha percha de arame. O armario

---

2 Cóctel elaborado con whisky, azucre e outros ingredientes.

está na sala, e a porta só abre a medias, xa que ten o televisor diante. Procura non tropezar co cable, conectado a un enchufe no outro lado da porta.

Unha vez Janice, que é especialmente torpe cando está embarazada ou bébeda, enredou o pé co cable e case tirou o aparello, de cento corenta e nove dólares, ao chan. Por sorte el colleuno mentres aínda oscilaba no seu soporte metálico e antes de que Janice empezase a espernexar nun dos seus ataques de pánico.

Por que se puxo así? De que tiña medo? Como é un amante da orde, insire destramente os extremos da percha nas mangas da chaqueta e co longo brazo cólgaa da barra pintada co resto da súa roupa. Pregúntase se debería quitar da lapela a chapa de Demos-trador, pero decide que mañá vai levar o mesmo traxe. Só ten dous, á parte dun azul escuro que dá demasiada calor nesta época do ano. Empuxa a porta e óese o clic do peche, pero volve abrirse uns centímetros. As portas hai que pechalas con chave. É irritante: a man trémelle na fechadura coma a dun vellouco mentres ela está alí sentada, escoitándoo fedellar.

Vólvese cara a ela e pregúntalle:

–Se estás na casa, u-lo coche? Non está aí diante.

–Está diante da de miña nai. Non me deixas ver.

–Diante da de túa nai? Xenial. Non había sitio mellor.

–Por que te pos así?

–Así como?

Apártase da súa liña de visión e queda nun lado.

Ela está a ver un grupo de nenos chamado os Mouseketeers que interpretan un número musical no que Darlene é unha florista parisiense, Cubby un policía e ese rapaz alto e presuntuoso, de voz estridente, un artista romántico. El, Darlene, Cubby e Karen (vestida de vella dama francesa a quen o policía Cubby axuda a cruzar a rúa) bailan. Logo, o anuncio mostra os sete segmentos dun Tootsie Roll<sup>3</sup> saíndo do envoltorio para converterse

---

3 Caramelo mastigable de chocolate que se presenta en forma de barra dividida en varios segmentos.

nas sete letras de «Tootsie», que tamén cantan e bailan. Sen deixar de cantar, volven ao envoltorio, que ecoa coma unha cámara de resonancia. É chulo, o cabrón. Viuno cincuenta veces, e nesta ocasión revólvelle o estómago. O corazón aínda lle latexa con forza; sente que lle encolle a garganta.

–Tés un cigarro, Harry? –pregunta Janice–. Acabáronseme.

–Eh? Cando viña para a casa tirei o paquete a un caldeiro do lixo. Vouno deixar.

Co estómago revolto como o ten, pregúntase como alguén pode pensar en fumar.

Por fin Janice mira para el.

–Tiráchelo a un caldeiro do lixo! Vaiche boa. Non bebes e agora non fumas. Que queres, converterte en santo?

–Sshh.

Apareceu o Mouseketeer grande, Jimmy, un home adulto que leva orellas circulares e negras. Coello mírao atentamente: respéctao. Espera aprender del algo que lle sirva de axuda no seu propio traballo, que consiste en facer demostracións dun utensilio de cociña en diversas tendas de todo a cinco e dez centavos<sup>4</sup> nos arredores de Brewer. Hai catro semanas que ten ese emprego.

–«Os proverbios, que razón teñen os proverbios» –canta Jimmy, peiteando as cordas da súa guitarra–. «Os proverbios dinnos que facer, os proverbios axúdannos a ser mellores Mouseketeers.»

Jimmy deixa o sorriso e a guitarra e di directamente a través do cristal:

–Coñécete a ti mesmo, dixo unha vez un vello sabio grego. Coñécete a ti mesmo. Pero, que significa iso, nenos e nenas? Significa que sexades o que sodes. Non tratedes de ser Sally, Johnny nin o voso veciño Fred. Sede vós mesmos. Deus non quere que

---

<sup>4</sup> No orixinal *five and dime stores*, tendas que venden unha ampla variedade de mercadorías a prezos rebaxados ou a prezo fixo, como un dólar, ou historicamente, cinco e dez céntimos.

unha árbore sexa unha fervenza, nin que unha flor sexa unha pedra. Deus dános a cada un de nós un talento especial.

Janice e Coello quedan quietos dunha maneira que non é natural; ambos son cristiáns. O nome de Deus fai que se sintan culpables.

—Deus quere que uns nos fagamos científicos, que outros nos fagamos artistas e que outros nos fagamos bombeiros, médicos e trapecistas. E dálle a cada un de nós o talento especial para que chegue a selo, *sempre que traballemos para desenvolverlo*. Temos que *traballar*, nenos e nenas. Daquela: coñecédevos a vós mesmos. Aprendede a entender os vosos talentos, e logo traballade para desenvolverlos. Esa é a maneira de ser felices.

Entón engurra os beizos e chisca un ollo.

Iso estivo ben. Coello proba, engurra a boca e logo chisca un ollo, para aliñar consigo o público que ten diante contra algún inimigo situado detrás, sexa Walt Disney ou a empresa que fabrica o pelador MagiPeel admitindo que todo é unha fraude, pero, que diaños!, facéndoo de xeito simpático. Todos estamos metidos niso. As fraudes son o que fan que o mundo siga xirando. A base da nosa economía. A vitaconomía, o contrasinal da ama de casa moderna, a expresión que concentra nunha soa palabra a economía de vitaminas que proporciona o método MagiPeel.

Janice levántase e apaga o televisor cando tenta asomar o telexornal das seis. A vívida estreliña que deixa a corrente morre devagar.

—Onde está o neno? —pregunta Coello.

—Na da túa nai.

—Na da *miña* nai? O coche está na da túa nai e o neno na da miña nai. Deus. Es un desastre.

Ela levántase, e o seu embarazo, con ese aspecto de teimuda inchazón, alporiza a Coello. Leva unha desas saias premamá cun corte en U na barriga. Por debaixo da basta da blusa brilla unha media lúa branca da enagua.

—Estaba cansa.